

Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se aproba a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia de relixión evanxélica, nos niveis de infantil e primaria (701402) e no nivel de educación secundaria obrigatoria e bacharelato (702403) nos centros docentes públicos que dependen desta consellería (código de procedemento ED003A).

Mediante Resolución do 21 de setembro de 2023, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia de relixión evanxélica, nos niveis de infantil e primaria (701402) e no nivel de educación secundaria obrigatoria e bacharelato (702403), (código de procedemento ED003A).

Logo de revisadas as solicitudes de participación, comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos e o baremo alegado polas persoas aspirantes na convocatoria para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia de relixión evanxélica, de acordo co disposto na base sétima da dita convocatoria procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas das listas de interinidades e substitucións e o baremo provisional e facelas públicas no portal da Internet desta consellería [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal).

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar e facer pública no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal) a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en relixión evanxélica.

Segundo. De acordo co disposto na base sétima da convocatoria pola que se acordou a apertura do procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións, as persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas excluídas e o baremo provisional, que presentarán obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo normalizado do procedemento ED003A, opción "Alegacións", accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED003A&ano=2020&numpub=1&lang=gl>) no prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no portal de Internet da consellería.



Non se admitirán as alegacións que non sexan presentadas a través do procedemento indicado no parágrafo anterior.

Terceiro. A estimación ou desestimación das alegacións presentadas entenderase implícita nunha nova resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos que será publicada no portal [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal), pola que se aprobarán as listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas consonte co disposto na base oitava da convocatoria.

Cuarto. Para o caso de que xurda a necesidade de cubrir interinidades ou substitucións con anterioridade á aprobación e publicación das listas definitivas, seguirase a orde de chamamentos establecida na lista provisional de conformidade coa base sétima da convocatoria.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela  
O director xeral de Centros e Recursos Humanos  
Jesús Manuel Álvarez Bértolo

